

ACTA

Da sesión **extraordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

7 de marzo de 2025

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as once horas e trinta minutos do día sete de marzo de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asisten D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE) nin D^a. María Ortega Iñarrea (BNG).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8368.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 1/2025 (EXPTES. 2025009254-2025009072)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/RS7vxOoo6s7q0DtQ9qxGEqikhMV6Frrb7fwoRjllYeL2EOG>

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025000361, de data 20 de xaneiro de 2025, propón ao Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 01/2025. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.01/25) por importe de 2.799.316,56 euros.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Resultando que a Intervención emite informe de data 26 de febreiro de 2025, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e nas bases de execución do



orçamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 01/2025.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 01/2025 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.01/25) por importe de 2.799.316,56 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

Créditos Extraordinarios, EXT. 01/25:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9420-762.84	A CONCELLOS, PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA - "PLAN EXTRA" _COOPERACIÓN. (Complemento do plan para atender a totalidade das solicitudes que cumpran as condicións de subvencionabilidade das Bases Reguladoras).	2.799.316,56 €
	Total Créditos Extraordinarios...	2.799.316,56 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios, EXT. 01/25:

Os proxectos de investimentos do expediente fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais .

Non obstante, hai que sinalar que no caso de ter que aplicar a Disposición Adicional 6ª referente ás inversións sostibles estarase ao disposto no artigo 32 da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira onde se establece que “no suposto de que a liquidación presupostaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso das corporacións locais, a reducir o nivel de endebedamento neto”.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	<i>Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar créditos extraordinarios...</i>	2.799.316,56 €



O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	0,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	2.799.316,56 €
<i>GASTOS NON FINANCEIROS...</i>	2.799.316,56 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
<i>GASTOS FINANCEIROS...</i>	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	2.799.316,56 €

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 01/2025 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.01/25) por importe de 2.799.316,56 euros, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 01/2025, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

2.8369.- **APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA (EXPTE. 2024062370-2025010080)**

Acceso ás intervencións:



<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/SmF1RwjYbSIqL1DqUbY7QKBJaaEOvrQ4cnsFeOYKOLLtDKtA>

ANTECEDENTES:

Primeiro.- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 18/10/2024, aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra*”, publicadas no BOPPO núm. 206, do 22 de outubro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- De conformidade co sinalado na base Quinta, o financiamento do Plan Extra ascende a trinta e cinco millóns (35.000.000,00 €) de euros, financiados con fondos propios da Deputación, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84.2024.

Na base Quinta tamén se establece que o Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga.

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de 50.000 habitantes ou menos que presenten a correspondente solicitude, acompañada da documentación esixida nas bases.

Valoraranse os proxectos por orde decrecente de puntuación e asignaráselles ata o máximo financiamento posible por concello aos proxectos con maior puntuación, ata esgotar o crédito do plan. Esta asignación respectará en todo caso as porcentaxes de cofinanciamento establecidas.

Terceiro.- O Plan Extra nace co obxectivo de que os municipios dispoñan dun mecanismo de axuda innovador adaptado ás súas necesidades, con capacidade financeira suficiente e dotado de maior flexibilidade para permitirlles afrontar os retos que a cidadanía demanda nos seus respectivos territorios locais e, por tanto, contribuír á potenciación do territorio provincial no seu conxunto e construír unha provincia máis forte e moderna, con máis servizos e de máis calidade.

Sen embargo, a cohesión territorial pode verse afectada polas limitacións orzamentarias que constrinxen o marco de acción das administracións, polo



que desde a Deputación de Pontevedra se pretende realizar de xeito extraordinario un esforzo económico adicional para destinar maiores recursos económicos ao Plan Extra, de forma que as especiais demandas de investimentos que propoñen os concellos ao abeiro deste plan se poidan realizar adecuadamente e de maneira cohesionada en todo o territorio provincial.

Para elo, propónse unha modificación parcial das bases do Plan Extra para incrementar o crédito en dous millóns setecentos noventa e nove mil trescentos dezaseis euros con cincuenta e seis céntimos (2.799.316,56 €) con cargo a un crédito extraordinario na anualidade 2025, imputables contra a aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 2025/942.9420.762.84, con cargo a remanentes e condicionado á aprobación do expediente correspondente.

Cuarto.- Por outra banda, a envergadura dos investimentos e o proceso para obter as autorizacións necesarias para a execución das obras, xunto co feito de que os beneficiarios das axudas son os concellos de menos de 50.000 habitantes e, polo tanto, aqueles con maiores carencias en materia de xestión, fai que estean suxeitos a certas dificultades administrativas, sen esquecer que, en este tipo de investimentos, é inevitable que, durante a execución dos traballos, xurdan circunstancias sobrevidas e imprevisibles, polo que en moitas ocasións e imposible respectar o horizonte temporal previsto inicialmente nas bases. Polo que se propón suprimir o apartado segundo da base Quinta, que literalmente establece “O Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Consideracións xurídicas:

1.º- As medidas adoptadas no marco do Plan Extra pretenden que as administracións orienten a súa planificación de investimentos cara a fins de relevancia estratéxica, co fin de equilibrar a prestación dos servizos en todo o territorio e de acadar investimentos atractivos que contribúan a mellorar as dinámicas demográficas e sexan investimentos públicos operativos, eficientes e transformadores.

2.º- Segundo o disposto no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, son fins propios e específicos da Provincia



garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular, asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

3.º- En virtude do establecido no artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, correspóndelle á Deputación a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos, así como a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

4.º- O artigo 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece que, con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta lei. Adicionalmente, o outorgamento dunha subvención debe cumprir, entre outros, co requisito da existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.

5.º- O artigo 58 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que a convocatoria das subvencións debe fixar necesariamente a contía máxima das subvencións convocadas e os créditos orzamentarios aos que se imputan, non podendo, en principio, outorgar subvencións na contía superior á mesma, salvo que se proceda a unha nova convocatoria. Non obstante, excepcionalmente, a propia convocatoria poderá fixar, ademais da contía total máxima, unha contía adicional cuxa aplicación á concesión non requirirá unha nova convocatoria nos casos en que se prevea dispoñer do financiamento preciso para cubrir dita contía antes da resolución da concesión e dito financiamento proveña, ademais, de sobrantes de convocatorias anteriores ou de xeracións, incorporacións ou ampliacións de crédito.

6.º- O crédito previsto inicialmente para financiar o Plan Extra prevese insuficiente para atender a totalidade das solicitudes recibidas que cumpren as condicións de subvencionabilidade impostas, considerándose necesario e conveniente acudir á unha modificación orzamentaria para dotar con crédito extraordinario a correspondente aplicación para permitir que as especiais



demandas de investimentos que propoñen os concellos ao abeiro deste plan se poidan realizar adecuadamente e de maneira cohesionada en todo o territorio provincial.

7.º- O artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario.

8.º- A capacidade financeira da Deputación, tras o esforzo realizado nos últimos anos para conter o gasto e reducir a débeda, permite incrementar o crédito necesario para atender as necesidades expostas.

9.º- Proponse unha modificación parcial das bases reguladoras do Plan Extra para, por unha banda, incoar un expediente de modificación de crédito extraordinario por un total de dous millóns setecentos noventa e nove mil trescentos dezaseis euros con cincuenta e seis céntimos (2.799.316,56 €), con cargo a anualidade 2025, imputables contra a aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 2025/942.9420.762.84, con cargo a remanentes e condicionado á aprobación do expediente correspondente e, por outra, suprimir o apartado segundo da base Quinta, que literalmente establece “O Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga”.

10.º- A modificación proposta non constitúe unha dispensa nin unha exención non permitida polas leis nin ocasiona prexuízo dos dereitos de terceiros.

11.º- Dos antecedentes expostos, considérase acreditado o respecto aos principios establecidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en canto ao exercicio da súa potestade regulamentaria conforme aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

A modificación supón unha medida eficaz e proporcional para afrontar con maior eficacia o cumprimento dos retos do Plan, é posible a súa integración de forma coherente no marco das bases inicialmente aprobadas, cumpre coa



transparencia debida ao ter que publicarse a súa aprobación no boletín provincial e dota de eficiencia a un plan deseñado en circunstancias diferentes, en base ás razoables limitacións orzamentarias de cada momento.

12.º- Para a modificación das bases, de conformidade co disposto na base Segunda do Plan Extra, en virtude da disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, reixerá o establecido nas súas propias bases, sendo de aplicación supletoria o establecido na Lei Xeral de Subvencións, é dicir que en virtude do disposto na base Terceira será o Pleno o órgano competente para a súa aprobación, seguindo o mesmo criterio xurídico que para a súa aprobación inicial, debendo realizarse unha tramitación semellante en relación á necesidade de cumprimento de todos os requisitos de informes, procedemento administrativo e publicidade.

Visto todo o anterior, considérase que, ao cumprirse o recollido en puntos anteriores, debería permitirse a modificación das bases reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, dado que as circunstancias así o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiras persoas.

Competencia para resolver

Correspóndelle ao Pleno da Deputación, en virtude dos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 70 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por ser o órgano que aprobou as bases no seu día.

Á vista dos antecedentes e consideracións expostas, con base na documentación relativa ao citado plan que obra no expediente, á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación, do 7 de febreiro de 2025 (CSV: 3ITXXI038EDD5UIH) e da Intervención provincial, do 12 de febreiro de 2025 (CSV: XCPSA9GF2M2QF4MZ) e a vista do ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 03/03/2025 (CSV:N4ZCWM51WWDU0J3F), o Pleno acorda por unanimidade:

- Incrementar o crédito destinado ao seu financiamento nun total de dous millóns setecentos noventa e nove mil trescentos dezaseis euros con cincuenta e seis céntimos (2.799.316,56 €), con cargo a un crédito extraordinario na



anualidade 2025, imputables contra a aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 2025/942.9420.762.84, con cargo a remanentes e condicionado á aprobación do expediente correspondente.

- Suprimir o apartado segundo da base Quinta, que establece “O Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga”.

En consecuencia, propónse modificar a base Quinta (modifícase o importe e a imputación orzamentaria, condicionado á aprobación e entrada en vigor do expediente de modificación de crédito que corresponda, e suprímese o apartado segundo), de maneira que quedará redactada co seguinte teor literal:

“O financiamento deste plan ascende a trinta e sete millóns setecentos noventa e nove mil trescentos dezaseis euros con cincuenta e seis céntimos (37.799.316,56 €), financiados con fondos propios da Deputación, con cargo ao orzamento provincial do exercicio de 2025, dos cales:

- Trinta e cinco millóns de euros (35.000.000,00€) imputables á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84.2024.
- Dous millóns setecentos noventa e nove mil trescentos dezaseis euros con cincuenta e seis céntimos (2.799.316,56 €) con cargo a un crédito extraordinario na anualidade 2025, imputables á aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 2025/942.9420.762.84, con cargo a remanentes e condicionado á aprobación do expediente correspondente.”

Os concellos poderán presentar un único proxecto, para unha única actuación, aínda non executada, que deberá ser continua e coherente. Non serán subvencionables aquelas actuacións que supoñan a suma de actuacións dispersas (...).

- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

3.8370.- **APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE
SUBVENCIONS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA
DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN
EXTRA (EXPTE. 2024062370-2025010086)**



Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/5GxTOWkJZk14juwGf1nih88BAVdkGXZ8q64yGePNWLg3Jmb7>

ANTECEDENTES

1.º O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do 18/10/2024, punto 2.8272, acordou aprobar as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria - Plan Extra.

As ditas bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO núm. 206, do 22/10/2024, sendo o prazo de presentación de solicitudes dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da dita publicación.

2.º De acordo coa base 1ª o obxecto da convocatoria diríxese á concesión de subvencións aos concellos cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes para os seguintes tipos de investimentos: novas infraestruturas públicas; infraestruturas públicas existentes; intervención en espazos públicos urbanos ou naturais e elementos necesarios para a recollida separada de biorresiduos de orixe doméstica (5.º contedor).

3.º De acordo coa base 5.ª, o financiamento do Plan Extra ascende a trinta e cinco millóns (35.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación, con cargo ao Orzamento provincial do exercicio 2025, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84.2024.

4.º Para incrementar o financiamento do Plan en dous millóns setecentos noventa e nove mil trescentos dezaseis euros con cincuenta e seis céntimos (2.799.316,56€), tramítase unha modificación parcial das Bases, que afecta á base 5.ª, con cargo a un crédito extraordinario, imputable á aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 2025/942.9420.762.84 e condicionado á aprobación do expediente de modificación de crédito correspondente.

Tendo en consideración esta modificación parcial das Bases, o financiamento total do Plan Extra por parte da Deputación ascenderá a un máximo de trinta e sete millóns setecentos noventa e nove mil trescentos dezaseis euros con cincuenta e seis céntimos (37.799.316,56€).

5.º Segundo a base 7.ª, a instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios.



O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 22/11/2024 e nese prazo, dos potenciais beneficiarios da convocatoria, os 59 concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, todos presentaron as correspondentes solicitudes.

Segundo o previsto nas bases 7ª e 10ª procedeuse a requirir aos concellos a emenda das súas solicitudes no prazo de 10 días hábiles, segundo o previsto nas bases 7ª e 10ª, con expresa advertencia de que no caso de non emendar as faltas ou omisións teríanse por desistidos das súas peticións, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Unha vez finalizado o prazo de emenda concedido no parágrafo anterior, todos os concellos aos que se lle fixo requirimento achegaron documentación para emendar as súas solicitudes.

6.º Revisados previamente polos seus membros os proxectos e demais documentación técnica correspondente ás 59 solicitudes presentadas, a Comisión de persoas expertas procede a facer unha valoración de acordo cos criterios establecidos nas bases, elaborando unha relación, ordenada pola puntuación asignada a cada concello de modo decrecente e acorda que, nos casos de empate na puntuación total, para establecer a orde de prelación, en primeiro lugar tense en conta os puntos outorgados en base aos criterios obxectivos.

7.º En base aos criterios de concesión, á documentación que obra no expediente, as actas das sesións da Comisión de persoas expertas celebradas nas datas 06/02/2025, 11/02/2025 e 26/02/2025 e ao informe dos Servizos técnicos provinciais de 26/02/2025, a instrutora procede a elaborar unha proposta de concesión de subvención entre as 59 solicitudes consideradas (Anexo).

8.º De conformidade co establecido na base 10ª, nos casos dos concellos indicados no Anexo, a concesión da subvención quedará condicionada á obtención das correspondentes autorizacións sectoriais solicitadas, cuxos expedientes de contratación da obra deberán aprobarse cando se obteñan.

9.º De acordo co previsto nas Bases reguladoras, na data 26/02/2025 a Intervención provincial emite informe de fiscalización.



10.º Entre as 59 solicitudes, que cumpren os requisitos esixidos polas bases, repártese o crédito, e deste xeito correspóndelles a concesión do 100% da subvención solicitada, sumando un importe total de 37.799.316,56€, cifra que se corresponde co crédito total dispoñible unha vez tramitada a devandita modificación de crédito.

11.º Dado que o importe total das 59 subvencións propostas ascende a 37.799.316,56€, a concesión das subvencións que superen o importe recollido nas bases (concellos indicados no Anexo), deberá quedar condicionada á aprobación definitiva do mencionado expediente de modificación de crédito do ano 2025.

12.º Así mesmo, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que



se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que a xefa do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración feita pola comisión de persoas expertas á luz dos criterios de valoración establecidos nas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e



sinalando a subvención que lle corresponde a cada unha das entidades beneficiarias. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación.

Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio vixente que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Base reguladora 10ª da convocatoria que, segundo o disposto nos artigos 68.1 da LPAC, 23.5 da LXS, e 20.6 da LSG, prescribe que no caso de presentar incompleta a documentación á que se refire a dita base, se requirirá ao interesado para que nun prazo máximo de 10 días hábiles, emende as faltas ou omisións, con indicación de que non facelo, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos do artigo 21 da LPACAP.
- Artigos 23.5 da LXS e 20.6 da LSG, en concordancia co artigo 68.2 da LPACAP, polos que o prazo de requirimento de emenda, ao abeiro dos procedementos de concesión en réxime de concorrencia competitiva, será improrrogable.
- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas



aplicables.

- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.

Competencia para resolver

Correspóndelle ao Pleno da Deputación, en virtude dos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da base 16^a.3 das Bases de execución do orzamento da Deputación.

CONCLUSIÓN

De acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito, no exercicio das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 63 do ROFRXEL e as Bases específicas de execución do vixente orzamento, e vistas as actas das tres sesións da Comisión de persoas expertas de datas 06/02/2025, 11/02/2025 e 26/02/2025, os informes da xefa do Servizo de Cooperación de data 13/02/2025 e os de data 26/02/2025, os informes técnicos de data 26/02/2025 o informe de Intervención de data 26/02/2025, e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais celebrada na data 03/03/2025, o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión de subvencións ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra aos 59 concellos beneficiarios que figuran no Anexo a este acordo, para a realización dos investimentos que se relacionan no mesmo, por un importe total de 37.799.316,56€, e de acordo coas porcentaxes previstas nas Bases reguladoras.

Dado que o citado importe supera o importe inicial recollido nas bases (35.000.000,00€) a concesión das subvención aos concellos indicados no Anexo queda condicionada á aprobación da correspondente modificación de crédito do ano 2025.

Así mesmo, e de conformidade co establecido na base 10^a, nos casos dos concellos indicados no Anexo, a concesión da subvención quedará condicionada á obtención das correspondentes autorizacións sectoriais solicitadas, cuxos expedientes de contratación da obra deberán aprobarse



cando se obteñan.

Doutra parte, as presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:

- a) Tras a resolución definitiva asinarase un convenio cos concellos beneficiarios, no que se definirán as actuacións obxecto de subvención e estableceranse de maneira pormenorizada os seus deberes.
 - b) As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo cambiarse o destino nin a contía das mesmas.
 - c) Os beneficiarios deberán posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución dos investimentos ao abeiro do establecido nas Bases reguladoras.
 - d) Os beneficiarios deberán ter executadas na súa totalidade as actuacións para as que se conceden as axudas a 31/10/2026. Así mesmo, o prazo de xustificación será ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.
 - e) A licitación e adxudicación dos contratos, a execución e a xustificación destes investimentos correspóndelle aos concellos beneficiarios, e realizarase conforme ao previsto nas Bases reguladoras e á lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
 - f) Para o aboamento da subvención concedida, requirirase a presentación da documentación xustificativa prevista nas Bases, e previa comprobación por parte dos servizos técnicos provinciais, Cooperación e Intervención, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu coa finalidade e o obxecto da subvención. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito ao cobro da subvención correspondente.
- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 35.000.000,00€ na aplicación 2025/942.9420.762.84.2024 do vixente orzamento provincial.
- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 2.799.316,56€ na aplicación que será, no seu caso, a 2025/942.9420.762.84, con cargo a remanentes e condicionado á aprobación do expediente de modificación de crédito correspondente.



- Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

ANEXO – PROPOSTA DE CONCESIÓN DE 59 SOLICITUDES

EXPT E.	CONCE- LLO	ACTUACIÓN	PUN TUA CIÓN N	ORZAMEN- TO	SUBVEN- CIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICI- PAL	OBSERVA CIÓN S
202407 6673	ESTRADA, A	Humanización da praza de Galicia	86	1.152.897,56 €	807.028,29 €	345.869,27 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7429	LALÍN	Ampliación do auditorio de Vilatuxe e urbanización do contorno	86	1.788.355,80 €	1.100.000,00 €	688.355,80 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7077	MARÍN	Humanización da rúa Escola de Tiro Naval Janer e mellora da accesibilidade da Finca de Briz	83	1.581.329,29 €	1.100.000,00 €	481.329,29 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7013	PORRIÑO, O	Novo espazo público no contorno da rúa Pío XII	82	2.076.926,24 €	1.100.000,00 €	976.926,24 €	
202407 6616	POIO	Recuperación de entornos tradicionais e mellora da mobilidade peonil entre Casalvito e O Padrón	80	726.763,51 €	545.072,63 €	181.690,88 €	
202407 7003	REDONDE LA	Ascensor e humanización no contorno da Praza da Petanca-Redondela	79	956.693,37 €	669.685,36 €	287.008,01 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7824	TOMIÑO	Proxecto de implantación novo modelo de recollida de residuos	78	1.197.524,90 €	898.143,67 €	299.381,23 €	
202407 7707	VILA DE CRUCES	Humanización do núcleo urbano de Vila de Cruces, rúa Neira Vilas, Travesía Vázquez 5 e rúa Sergio Iglesias Pazos	77	912.779,92 €	700.000,00 €	212.779,92 €	



EXPT E.	CONCE- LLO	ACTUACIÓN	PUN TUA CIÓN	ORZAMEN- TO	SUBVEN- CIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICI- PAL	OBSERVA CIÓN
202407 6250	VILAGAR- CÍA DE AROUSA	Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Fontecarmoa	76	3.184.114,33 €	1.100.000,00 €	2.084.114,33 €	
202407 7056	SILLEDA	Mellora da mobilidade peonil na avenida do Parque, Silleda	76	747.122,98 €	597.698,38 €	149.424,60 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7432	MOS	Humanización da estrada Pereiras- Tameiga	75	1.494.888,91 €	900.000,00 €	594.888,91 €	
202407 7367	VILANOVA DE AROUSA	Área deportiva do Talas de O Terrón	75	5.000.627,49 €	900.000,00 €	4.100.627,49 €	
202407 7026	PONTEARE AS	Proxecto básico e de execución de pista de atletismo e vestiarios en Ponteareas (Pontevedra)	74	1.192.309,57 €	834.616,70 €	357.692,87 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 6252	CAMBADOS	Proxecto de reforma e posta en valor de Pazo Torrado e xardíns	74	791.976,61 €	593.982,46 €	197.994,15 €	
202407 6704	CANGAS	Execución de obras de rehabilitación Pavillón municipal deportes "O Gatañal"	73	1.172.378,12 €	820.664,68 €	351.713,44 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7016	CALDAS DE REIS	Proxecto de mellora da mobilidade peonil na contorna do Campo de Torre	73	839.405,99 €	629.554,49 €	209.851,50 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7376	PONTE CALDELAS	Parque termal de Pontecaldelas	72	1.500.000,00 €	700.000,00 €	800.000,00 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7468	LAMA, A	Mellora da accesibilidade e a seguridade peonil no contorno da Igrexa de San Salvador	72	588.235,29 €	500.000,00 €	88.235,29 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais



EXPT E.	CONCE- LLO	ACTUACIÓN	PUN TUA CIÓN N	ORZAMEN- TO	SUBVEN- CIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICI- PAL	OBSERVA CIÓN S
202407 6648	MEAÑO	Proxecto construción acceso da mobilidade peonil amable dende Ponte Dena ao Bordo Costeiro	72	942.934,30 €	700.000,00 €	242.934,30 €	
202407 7689	BUEU	Novo Parque Urbano Lúgrís	71	899.805,54 €	674.854,15 €	224.951,39 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7742	GROVE, O	Humanización do contorno do Sineiro-fase 2-O Grove- Pontevedra	71	717.494,95 €	538.121,21 €	179.373,74 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 6249	MOAÑA	Humanización da contorna histórica de San Martiño	70	1.274.486,10 €	900.000,00 €	374.486,10 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7368	SANXENXO	Rehabilitación do Edificio de multiusos de Portonovo	70	1.257.621,75 €	900.000,00 €	357.621,75 €	
202407 6711	FORCAREI	Humanización e mellora peonil da rúa Das Dúas Igrexas en Forcarei	69	588.305,49 €	500.000,00 €	88.305,49 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7391	COVELO	Proxecto de urbanización do Plan especial de reforma interior do ámbito do solo urbano non consolidado PEU-1 do PXOM	69	586.526,17 €	498.547,24 €	87.978,93 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 6125	VALGA	Acondicionamen- to e renaturalización da zona norte da Lagoa de Porto Piñeiro	69	902.375,32 €	700.000,00 €	202.375,32 €	



EXPT E.	CONCE- LLO	ACTUACIÓN	PUN TUA CIÓN	ORZAMEN- TO	SUBVEN- CIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICI- PAL	OBSERVA CIÓN
202407 2280	CERDEDO- COTOBADÉ	Recuperación espazo para uso peonil no núcleo Arrotea-Almofrei no Concello de Cerdedo- Cotobade	68	732.900,00 €	586.320,00 €	146.580,00 €	
202407 6247	AGOLADA	Recuperación e humanización da Avenida de Iryda	68	595.203,84 €	500.000,00 €	95.203,84 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 6712	CAÑIZA, A	Humanización da rúa Antonio Facorro, dende EP-5003 ata a N- 120 no Concello da Cañiza	68	1.254.366,89 €	700.000,00 €	554.366,89 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7474	GONDO- MAR	Adecuación urbana e mellora do espazo público no contorno da igreja e cemiterio de Santa Baia de Donas	68	1.207.953,65 €	900.000,00 €	307.953,65 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7072	SOUTO- MAIOR	Reurbanización, mellora e humanización do centro urbano de Arcade como espazo público estratéxico	68	1.199.917,82 €	700.000,00 €	499.917,82 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7413	TUI	Humanización- reforma rúa Coruña, Tui	67	949.869,06 €	712.401,79 €	237.467,27 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 6577	GUARDA, A	Reforma e rehabilitación enerxética piscina municipal Concello de A Guarda	67	2.266.212,85 €	700.000,00 €	1.566.212,85 €	
202407 6957	VILABOA	Humanización da contorna da Casa do Concello de Vilaboa (Pontevedra)	67	987.566,65 €	700.000,00 €	287.566,65 €	



EXPT E.	CONCE- LLO	ACTUACIÓN	PUN TUA CIÓN N	ORZAMEN- TO	SUBVEN- CIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICI- PAL	OBSERVA CIÓN S
202407 7752	CAMPO LAMEIRO	Actuacións en Camiño Agrelo en Campo Lameiro desde p.k. 0,000 ata p.k. 230,000	67	528.181,67 €	448.954,41 €	79.227,26 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7021	OIA	Rexeneración ambiental e adecuación do antigo camping pedra rubia para área recreativa pública, Mougás	67	1.539.526,69 €	500.000,00 €	1.039.526,69 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7397	RODEIRO	Construción dun edificio polivalente de uso asistencial, destinado a Centro de día e punto de atención infantil (pai)	66	1.164.078,88 €	500.000,00 €	664.078,88 €	
202407 6511	SALVATE- RRA DE MIÑO	Recuperación do espazo para uso peonil no contorno da Ermida de San Roque en Cabreira	66	553.641,55 €	415.231,16 €	138.410,39 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 6982	BAIONA	Reurbanización da contorna de Santa Liberata	66	1.393.571,13 €	900.000,00 €	493.571,13 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7669	ROSAL, O	Rehabilitación enerxética e reforma interior do auditorio municipal	66	894.898,30 €	700.000,00 €	194.898,30 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7069	ILLA DE AROUSA, A	Transformación e posta en valor das rúas Marqués de Bradomín, Naval e Alcalde C. Manuel de Graña	66	499.417,69 €	424.505,04 €	74.912,65 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 6715	NIGRÁN	Reforma interior e mellora da eficiencia enerxética do Edificio antigo do Concello de Nigrán	65	871.890,49 €	653.917,87 €	217.972,62 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais



EXPT E.	CONCE- LLO	ACTUACIÓN	PUN TUA CIÓN N	ORZAMEN- TO	SUBVEN- CIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICI- PAL	OBSERVA CIÓN S
202407 6230	NEVES, AS	Mellora da accesibilidade, acondicionamento e ampliación de instalacións deportivas existentes na área deportiva de A Caña, Santiago de Tortoreos	65	575.000,00 €	488.750,00 €	86.250,00 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7836	CRECENTE	Instalación de céspede artificial no Campo de fútbol municipal de Crecente	64	588.235,29 €	500.000,00 €	88.235,29 €	
202407 5865	FORNELOS DE MONTES	Urbanización de praza pública	64	331.582,30 €	281.844,95 €	49.737,35 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 0027	MORAÑA	Reordenación do espazo urbano: Carballeira de Santa Lucía e rúa núm. 5	64	450.545,67 €	382.963,82 €	67.581,85 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7044	SALCEDA DE CASELAS	Saneamento en Entenza	63	875.000,00 €	700.000,00 €	175.000,00 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 6228	PONTECE- SURES	Reordenación funcional e material do inicio da rúa Carlos Maside, en Pontecesures	63	436.387,65 €	370.929,50 €	65.458,15 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7837	DOZÓN	Reurbanización e mellora da contorna do centro sociocultural, parque público e piscinas municipais no Castro de Dozón	60	592.519,25 €	500.000,00 €	92.519,25 €	



EXPT E.	CONCE- LLO	ACTUACIÓN	PUN TUA CIÓN N	ORZAMEN- TO	SUBVEN- CIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICI- PAL	OBSERVA CIÓN S
202407 6716	MONDA- RIZ	Acondicionamen- to e mellora da impermeabiliza- ción, accesibilidade e eficiencia enerxética do pavillón municipal de Mondariz	60	498.718,54 €	423.910,76 €	74.807,78 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 6666	PAZOS DE BORBÉN	Mellora da contorna do Campo da feira de Moscoso	60	289.810,68 €	246.339,08 €	43.471,60 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 6690	MEIS	Humanización da rúa Igrexa desde a Praza de España ata a conexión coa EP-9402	59	483.321,88 €	410.823,60 €	72.498,28 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais
202407 7780	RIBADU- MIA	Proxecto básico e de execución do edificio para novos servizos do campo de fútbol - pavillón polideportivo, e humanización do espazo público anexo	58	1.086.523,72 €	700.000,00 €	386.523,72 €	
202407 7060	CUNTIS	Básico e de execución de piscinas municipais descubertas e edificio polivalente	57	652.762,94 €	500.000,00 €	152.762,94 €	Concesión condicionada á aprobación da modificación de crédito
202407 6221	ARBO	Reforma e ampliación de edificación existente para centro de atención á infancia	57	574.671,35 €	488.470,65 €	86.200,70 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais e a aprobación da modificación de crédito



EXPT E.	CONCE- LLO	ACTUACIÓN	PUN TUA CIÓN N	ORZAMEN- TO	SUBVEN- CIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICI- PAL	OBSERVA CIÓN S
202407 7046	BARRO	Mellora dos accesos ao Parque da Natureza da Ría Barosa. Concello de Barro (Pontevedra)	57	432.040,79 €	367.234,67 €	64.806,12 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais e a aprobación da modificación de crédito
202407 7084	CATOIRA	Conexión peonil entre o centro urbán e os enclaves turísticos de Pedras Miudas- Catoira	57	711.417,49 €	500.000,00 €	211.417,49 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais e a aprobación da modificación de crédito
202407 6242	PORTAS	Rehabilitación de edificio destinado a escola de música	57	600.032,05 €	500.000,00 €	100.032,05 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais e a aprobación da modificación de crédito
202407 6710	MONDA- RIZ- BALNEA- RIO	Humanización do contorno da praza de abastos	57	575.000,00 €	488.750,00 €	86.250,00 €	Concesión condicionada á obtención de autorizacións sectoriais e a aprobación da modificación de crédito
		TOTAIS		60.466.646,26 €	37.799.316,56 €	22.667.329,70 €	

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as doce horas e dez minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas,



incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 7 de marzo de 2025 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno extraordinario 7-marzo-2025”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade SHA512 - 42825fb4c3a8df685b7d1292be9efdbc1d59a55a573f1a1441b11922c784dd9985c5f9c4963fafa3d618c5e50bf0f30be6a45886bb129ee80aa910ff19961fb6 xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesión. O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa: <https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=YjlkODgxMDEtMTMxOC00YWI0LWEzZGltZTVkNzMxNTQzZTcx>

- Minutaxe -----

00:00:01 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor; Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Martínez Chantada, Ricardo; Álvarez Carrero, Roberto José; Bastos Míguez, María Sandra; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta, Belén; Castro Domínguez, María Nava; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro; Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna Rosa; Agís Gómez, Gregorio Luís; Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz, Gorka; Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María Manuela; Mosquera Lorenzo, César; Lomba Rodríguez, Beatriz;

00:07:28 - López Diéguez, Luis

00:07:38 : Punto 1: Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos nº 1/2025 (Exptes. 2025009254-2025009072).

00:08:13 - Cubela López, Jorge

00:13:10 - López Diéguez, Luis

00:13:18 - Mosquera Lorenzo, César



- 00:18:07 - López Diéguez, Luis
00:18:12 - Rivas Gómez, Digna Rosa
00:23:30 - López Diéguez, Luis
00:23:36 - Cubela López, Jorge
00:27:07 - López Diéguez, Luis
00:27:14 - Mosquera Lorenzo, César
00:30:26 - López Diéguez, Luis
00:30:31 - Rivas Gómez, Digna Rosa
00:33:38 - López Diéguez, Luis
00:33:44 - Cubela López, Jorge
00:36:40 - López Diéguez, Luis
00:37:28 - Votación Punto 1
- 00:37:46 : Punto 2: Aprobación da modificación das bases reguladoras do
Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra (Exptes. 2024062370-
2025010080).
- 00:37:53 - Votación Punto 2
- 00:38:04 : Punto 3: Aprobación da concesión de subvencións ao abeiro da
convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra
(Exptes. 2024062370-2025010086).
- 00:38:10 - Votación Punto 3

-- O --

